

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019232	IES Monte da Vila	O Grove	2024/2025

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	10
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	10
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	11
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	12
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	12
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	13
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	14
o) Outros apartados	14

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Asumir responsabilidades e usar os seus dereitos respectando aos demais. Rematar a etapa preparado/a para a convivir democráticamente.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Adquirir costumes de traballo e estudo individual e en grupo, entendendo esta última como unha maneira de crecemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

Respectar a diferenza de sexos pero cos mesmos dereitos e oportunidades. Rexeitar estereotipos discriminatorios.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Mellorar as relacións afectivas. Non tolerar a violencia, os prexuízos e outros comportamentos machistas e solucionar os problemas de forma pacífica.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

Aprender a buscar a información, cuestionar a mesma e presentala según o modelo de presentación de traballos do centro. Mellorar a competencia tecnolóxica desde o punto de vista ético.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

Ver o coñecemento científico como a organización de diferentes áreas e aprender a usar métodos para coñecer problemas na ciencia e na experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Fomentar a confianza en si mesmo/a, ser participativo/a e desempeño de aprender a aprender, tomar decisións e responsabilizarse.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

Coñecer, valorar e respectar a cultura e historia galega, así como o patrimonio artístico e cultural e tamén das demais persoas.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

Entender como funciona o noso corpo e o e das demais, respectar as diferenzas, adoptar hábitos de coidado e saúde e incorporar a actividade física e o deporte para crecer como persoas. Coñecer, valorar e respectar da diversidade sexual e ser crítico e crítica con hábitos que prexudican a nosa saúde e o medio ambiente.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Desfrutar das creacións artísticas dos nosos compañeiros e compañeiras que utilizan diferentes linguaxes e medios artísticos.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar

na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Coñecer e valorar os aspectos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico do Grove e participar nas asociacións locais que traballan na súa conservación.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Usar a lingua galega como elemento de comunicación habitual e como expresión da riqueza cultural.

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

Convivir democráticamente, desenvolver a conciencia cívica baseada na nosa idiosincrasia e que fomente a construción dunha sociedade máis xusta.

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

Acompañar a súa madurez personal, afectivo-sexual e social, capacitándoos para actuar con respecto, responsabilidade e autonomía, e desenvolver o pensamento crítico. Resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais e situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Fomentar a igualdade de xénero, eliminar as desigualdades e recoñecer o papel da muller na historia e prevenir a discriminación polo motivo que sexa.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Reforzar a lectura, o estudo e a disciplina para unha aprendizaxe efectiva e desenvolvemento personal usando como principal recurso os programas de fomento da lectura da nosa biblioteca.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

Falar e escribir con fluidez a lingua galega.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

Expresarse con fluidez e corrección na lingua inglesa.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

Utilizar de forma responsable as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

Comprender e avaliar de maneira crítica os aspectos do mundo moderno e as súas raíces históricas.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

Respectar a optatividade do noso alumnado en ciencia e tecnoloxía no Bacharelato e dominar as habilidades propias da modalidade.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

Comprender como funciona a investigación e o método científico con maior uso dos laboratorios do centro e aumentar a súa dotación.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

Fomentar o espírito creativo desde a modalidade de artes, así como o traballo en equipo e a confianza.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

Desenvolver a sensibilidade artística e literaria desde tódalas materias e desde os concursos e programas que parten da nosa biblioteca.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal

e social.

Utilizar a educación física e o deporte como recurso para o desenvolvemento cognitivo. Promover a continuidade da práctica da actividade físico-deportiva para favorecer o benestar físico, mental e social na etapa.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

Continuar promovendo unha mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

Levar a cabo accións contra o cambio climático durante a etapa.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Valorar o patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico do Grove e de Galicia e participar nas asociacións locais que traballan na súa conservación.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico é a ferramenta en que se concretan os principios e os fins do sistema educativo galego referidos ao devandito período. O perfil identifica e define, en conexión cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que as alumnas e os alumnos desenvolvesen ao completar esta fase do seu itinerario formativo.

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Debe, así mesmo, facilitar a adquisición e o logro das competencias indispensables para o seu futuro formativo e profesional, e capacitálo para o acceso á educación superior.

Estas competencias, entendidas como desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais, son:

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

CP-Competencia plurilingüe.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

CD-Competencia dixital.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

CC-Competencia cidadá.

CE-Competencia emprendedora.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

E a súa adquisición permitirá ao alumnado, tal e como se comentou anteriormente, responder aos principais desafíos aos que deberá facer fronte ao longo da súa vida:

- Desenvolver unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente e dos malos tratos animais baseada no coñecemento das causas que os provocan, agravan ou melloran, desde unha visión sistémica, tanto local como global.

- Identificar os diferentes aspectos relacionados co consumo responsable, valorando as súas repercusións sobre o ben individual e o común, xulgando criticamente as necesidades e os excesos e exercendo un control social fronte á vulneración dos seus dereitos.

- Desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e no coidado das demais persoas, así como na promoción da saúde pública.

- Desenvolver un espírito crítico, empático e proactivo para detectar situacións de inequidade e exclusión a partir da comprensión das causas complexas que as orixinan.

- Entender os conflitos como elementos connaturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica.

- Analizar de maneira crítica e aproveitar as oportunidades de todo tipo que ofrece a sociedade actual, en particular as da cultura na era dixital, avaliando os seus beneficios e riscos e facendo un uso ético e responsable que contribúa á mellora da calidade de vida persoal e colectiva.

- Aceptar a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, aprendendo a manexar a ansiedade que pode levar aparellada.

- Cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, valorando a diversidade persoal e cultural como fonte de riqueza e interesándose por outras linguas e culturas.

- Sentirse parte dun proxecto colectivo, tanto no ámbito local como no global, desenvolvendo empatía e xenerosidade.

- Desenvolver as habilidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida, desde a confianza no

coñecemento como motor do desenvolvemento e a valoración crítica dos riscos e beneficios deste últimemos metodoloxías diversas e motivadoras nas que o alumnado traballe cada unha das competencias, isto permitirá a súa avaliación dende cada materia. Finalmente, cada materia contribuirá, en cada estudante, á valoración do grado de adquisición das oito competencias. Para facelo posible a ponderación que corresponde a cada materia deducirase a partir do peso porcentual establecido polos departamentos para cada competencia. Unha vez facilitadas as ponderacións, que cada departamento considerou máis adecuadas, elaborouse unha táboa na que figura o mapa competencial do noso instituto.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Seguindo os Decretos que establecen a ordenación e os currículos da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, todas as materias traballarán a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade.

Do mesmo xeito:

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarse transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase que o alumnado poida afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Para todo isto, fomentaranse a participación do alumnado en actividades diversas, organizadas dende as diferentes materias, o Departamento de Orientación, Vicedirección e o Equipo da biblioteca.

Podemos destacar conferencias de universidades, visitas a museos, auditorios, teatros, centros de investigación, festas tradicionais, actividades deportivas, plans proxecta relacionados coa alimentación saudable, conmemoracións como o 25N e o Día da nena e a muller na Ciencia, o Día de Rosalía, saídas de concienciación medioambiental e para coñecer o entorno próximo ao centro educativo, certames literarios, o clube de lectura, talleres de ilustración, entre outras.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Os principios metodolóxicos que van guiar a proposta curricular no IES Monte da Vila son os seguintes:

- Tendo en conta os resultados das avaliacións iniciais realizadas a comezos de curso, ponse especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada orientada a acadar o máximo desenvolvemento de cada alumno/a e na resposta educativa ás dificultades detectadas xa na etapa anterior (Educación Primaria) ou naquelas que xorden ao longo da etapa da ESO. O documento que recolle este principio é o Plan Anual de Atención á Diversidade.

- Todos os departamentos didácticos, no deseño das programacións dos cursos da ESO, van a reservar un tempo á lectura. Este aspecto queda recollido no Proxecto Lector de centro.

- Desde o noso centro, impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas ofertadas, co fin de favorecer o desenvolvemento da competencia comunicativa plurilingüe no alumnado. No Proxecto Lingüístico concretaranse as actividades a realizar.

- A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación serán obxecto de tratamento en todas as materias da etapa. Recóllense todas as actuacións no Plan Dixital de centro.

- Favoreceranse as actividades en relación coa contorna do centro, organizándose a través da Programación anual de actividades complementarias e extraescolares.

En relación ás estratexias de ensino - aprendizaxe as decisións de carácter xeral son as que figuran a continuación:

- Reforzar a coordinación entre os centros adscritos de Primaria e o instituto para coñecer as necesidades previas que presenta o novo alumnado de 1º de ESO.

- Establecer unha colaboración entre o equipo de profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo.
- Desenvolver unha metodoloxía didáctica fundamentalmente comunicativa, activa e participativa. O diálogo e o debate de ideas e hipóteses serán os eixos do planteamento metodolóxico. Tamén se fomentará a creación e o desenvolvemento nos/as alumnos/as dunha actitude investigadora e crítica.
- Planificar en todas as materias actividades que fomenten a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, o uso das matemáticas e o manexo das tecnoloxías da información e da comunicación.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O profesorado dos diferentes departamentos didácticos seleccionará e empregará materiais e recursos didácticos diversos para motivar ao alumnado e, ademais, tratará de adaptalos aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxectivo de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.

En toda a Educación Secundaria Obrigatoria emprégase o libro dixital (E-Dixgal), ou ben un libro de texto de referencia que será recomendado polos departamentos didácticos. Concretamente en Física e Química e Lingua Galega non se utilizará o libro de E-Dixgal, e as materias de Inglés e Francés requirirán de caderniños.

En Bacharelato a maioría dos departamentos empregan o libro de texto. As referencias figuran na web do centro.

En FP Básica os libros de texto recomendados foron mercados polo departamento de informática, mentres que en Grao Medio os materiais son subidos na súa totalidade á aula virtual.

Os criterios para a selección dos libros de texto teñen en conta a súa idoneidade para seguir o currículo oficial, a súa comprensibilidade para a diversidade do alumnado, o seu custo e a súa durabilidade. Todo o profesorado que imparte nos diferentes cursos emprega a aula virtual do centro para estar en contacto co alumnado, subir materiais e programar e corrixir actividades.

A maiores, a biblioteca do centro pon a disposición do alumnado materiais de diferentes características, e todas as aulas contan con pizarra dixital, portátil e canón. Ademais, o centro posúe 4 aulas de informática para Ciclos e 2 para ESO/Bacharelato, á parte de aulas específicas como as de Plástica, Música, Tecnoloxía, Educación Física e os laboratorios de Ciencias da Natureza e Física e Química.

Por último mencionar o medio físico e natural, pois o centro educativo está situado nun enclave privilexiado que o fai idóneo para organizar actividades de interese para o alumnado.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

1º ESO:

- Troncais e de Libre Configuración Autónoma: Bioloxía e Xeoloxía (3h) - Lingua Castelá e Literatura (3h + 1h disposición de centro) - Lingua Galega e Literatura (3h + 1h disposición de centro) - Matemáticas (4h) - Inglés-Primeira Lingua Estranxeira (3h) - Xeografía e Historia (3h) - Titoría (1h)

- Materias Específicas: Educación Física (2h) - Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h) - Tecnoloxía e Dixitalización (3h) - Francés - Segunda Lingua Estranxeira (2h) - Relixión ou Proxecto Competencial (1h)

2º ESO:

- Materias Troncais e de Libre Configuración Autónoma: Física e Química (3h) - Lingua Castelá e Literatura (3h + 1h disposición de centro) - Lingua Galega e Literatura (3h) - Matemáticas (4h) - Xeografía e Historia (3h) - 1ª Lingua Estranxeira Inglés (3h) - Titoría (1h)

- Materias Específicas: Educación Física (2h) - Música (2h) - Tecnoloxía e Dixitalización (3h) - 2ª Lingua Estranxeira-Francés (2h + 1h disposición de centro) - Relixión ou Proxecto Competencial (1h)

3º ESO:

- Troncais e de Libre Configuración Autónoma: Bioloxía e Xeoloxía (2h) - Física e Química (2h) - Xeografía e Historia (3h) - Lingua Castelá e Literatura (3h) - Inglés - Primeira Lingua Estranxeira (3h) - Matemáticas: Non bilingües / Bilingües (Inglés) (4h) - Lingua Galega e Literatura (3h) - Titoría (1h)

- Materias Específicas: Educación Física (2h) - Educación en Valores Cívicos e Éticos (1h) - Música (2h) - Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h) Francés- 2ª Lingua Estranxeira/ Cultura Clásica/ Educación Dixital/ Oratoria/Cultura financeira (3h) - Relixión ou Proxecto competencial (1h)

4º ESO:

- Troncais: Xeografía e Historia (3h) - Lingua Castelá e Literatura (3h) - Lingua Galega e Literatura (3h) - 1ª Lingua Estranxeira- Inglés (3h) - Titoría (1h) - Matemáticas A/B (bilingües) (4h)

- Optativas autónomas (3h): Filosofía, Cultura Clásica, Oratoria, Intelixencia Artificial para a Sociedade, optativa non cursada do bloque das estatais.

- Optativas estatais (3h): Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Educación Dixital, Música, Latín, Economía e Emprendemento, Formación e Orientación Persoal e Profesional, Tecnoloxía, Expresión Artística, 2ª LE Francés.

1º BACHARELATO:

- Materias Comúns e de Libre Configuración Autonómica: Filosofía (3h) - Lingua Castelá e Literatura (3h) - Inglés - Primeira Lingua Estranxeira (3h) - Educación Física (3h) - Lingua Galega e Literatura (3h)

- Obrigatorias da modalidade (4h):

1) Ciencia e Tecnoloxía: Matemáticas I

2) Artes: Debuxo Artístico I

3) Ciencias Sociais: Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I

4) Humanidades: Latín I

- Materias Opcionais de modalidade (4h):

1) Ciencia e Tecnoloxía: Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais - Física e Química - Debuxo Técnico I - Tecnoloxía e Enxeñaría I

2) Artes: Cultura Audiovisual I - Proxectos Artísticos - Debuxo Técnico aplicado ás Artes - Volume

3) Ciencias Sociais e Humanidades: Economía - Grego I - Historia do Mundo Contemporáneo - Literatura Universal - Latín I - Matemáticas Ciencias Sociais I

- Optativas: Relixión/Obrigatoria da modalidade (1h) - Anatomía Aplicada (4h) - Antropoloxía (4h) - Cultura Científica (4h) - Francés-2ª Lingua Estranxeira (4h) - Tecnoloxías da Información e da Comunicación I (4h) - Literatura Galega do S.XX e a Actualidade (4h) - Linguaxe e Práctica Musical (4h) - Materia de modalidade de 1º curso non seleccionada anteriormente (4h).

2º BACHARELATO:

- Materias Troncais: Lingua Castelá e Literatura II (3h) - Lingua Galega e Literatura II (3h) Inglés -1ª Lingua Estranxeira II (3h) - Historia de España (3h) - Historia da Filosofía (3h) - Historia de España (3h) - Relixión ou Atención Educativa (1h).

- Materias Troncais de Opción (4h):

1) Ciencias e Tecnoloxía: Matemáticas II ou Matemáticas aplicadas ás CCSS II

2) Humanidades: Matemáticas II ou Matemáticas aplicadas ás CCSS II

3) Ciencias Sociais: Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II (4h) ou Latín

4) Artes Plásticas, Imaxe e Deseño: Deduxo Artístico

- Materias Optativas da modalidade (4h) (elixir dúas):

1) Ciencias e Tecnoloxía: Bioloxía - Debuxo Técnico II - Física - Química - Xeoloxía - Tecnoloxía e Enxeñaría II

2) Humanidades e Ciencias Sociais: Economía e Deseño de Modelos de Negocio - Xeografía - Grego II - Historia da Arte - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II ou Latín

3) Artes: Deseño - Fundamentos artísticos - Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica - Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e aos Deseño II

- Materias Optativas autonómicas (4h) (elixir unha) :2ª Lingua Estranxeira II Francés - (3h) - Tecnoloxías da Información e da Comunicación II - Patrimonio e Sociedade de Galicia - Métodos Estatísticos e Numéricos - Psicoloxía

1º Formación Profesional Básica de Informática de Oficina: Ciencias Aplicadas I (5h) - Comunicación e Ciencias Sociais I (6h) - Montaxe e Mantemento de Sistemas e Compoñentes Informáticos (10h) - Ofimática e Arquivamento de documentos (8h) - Itinerario Persoal para a Empregabilidade (2h) - Titoría (1h)

2º Formación Profesional Básica de Informática de Oficina: Ciencias Aplicadas II (7h) - Comunicación e Sociedade II (6h) - Instalación e Mantemento de Redes para a Transmisión de datos (9h) - Operacións Auxiliares para a Configuración e a Explotación (9h) - Titoría (1h) - Formación en Centros de Traballo

1º Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes: Aplicacións ofimáticas (7h), Inglés profesional (GM) (2h), Itinerario persoal para a empregabilidade I(4h), Montaxe e mantemento de equipamentos (8h), Redes locais (8h), Sistemas operativos monoposto (6h), Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo (1h)

2º Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes: Sistemas Operativos en Rede (9h) - Seguridade Informática (8h) - Servizos en Rede (9h) - Aplicacións Web (7h) - Empresa e Iniciativa Emprendedora (3h) - Formación en Centros de Traballo

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Será o Vicedirector o que coordinará o deseño de actividades complementarias e extraescolares coa colaboración dos Departamentos Didácticos e Equipos de Cordinación Docente.

+ Criterios para a realización de actividades complementarias e extraescolares organizadas polo profesorado ou por un departamento:

- Consideraremos actividades complementarias as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes que se celebren en horario lectivo.

- Consideraremos actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro se realizan fóra do horario lectivo.

+ Para o desenvolvemento destes dous tipos de actividades deberase contar cos seguintes requisitos:

1. Aprobación do Consello Escolar.
2. Autorización escrita do alumno/a maior de idade ou dos pais/nais ou titores legais do alumno/a menor de idade (non das que se fan dentro da localidade pero as familias deberán ser informadas).
3. Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos.
4. O departamento ou profesor/a responsable de organizar a actividade será o encargado de buscar o profesorado acompañante. En todo caso, salvo causa extraordinaria, un dos/das acompañantes, polo menos, será dese departamento.
5. Poderase colaborar con outros centros para reducir custos.
6. As axudas económicas do profesorado que acompaña ao alumnado adaptaranse á normativa vixente (Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo 29 ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia).
7. A organización e coordinación da excursión de fin de etapa da ESO é responsabilidade da Vicedirección.
8. As actividades programadas e aprobadas con tempo suficiente, estarán expostas na sala do profesorado mensualmente e informarase ao claustro para facilitar a organización das clases.
9. Os Departamentos Didácticos deberán entregar un modelo á Vicedirección nas primeiras semanas de curso co seu programa de actividades.
10. Elaborarase unha lista do alumnado que participa na actividade.
11. Os departamentos didácticos especificarán nas súas programacións anuais a relación das actividades complementarias previstas (identificación da actividades, temporalización e cursos implicados).
12. Incorporaranse actividades ao longo do curso sempre que sexan aprobadas en Consello Escolar.
13. Informarase previamente ao alumnado que non poida asistir á actividade por sanción disciplinaria.
14. As planificacións entregaranse con tempo suficiente á Vicedirección para que esta xestione o transporte, recollidas e achegas do alumnado, a recollida de autorizacións e comunicación pública.
15. A elaboración do impreso de autorización será responsabilidade da Vicedirección.
16. A entrega de cartos e autorizacións por parte do alumnado efectuarase no prazo sinalado no impreso da autorización. Serán os/as responsables da actividade os encargados de recoller os cartos ou xustificantes bancarios do ingreso e as autorizacións e entregalos á Vicedirectora ou ao Secretario.
17. A anulación da actividade implica a devolución dos cartos recadados.

+ Especificacións para o día da actividade:

1. O alumnado que non participe nela permanecerá na aula co profesorado correspondente á hora lectiva (ou, na súa ausencia, co profesorado de garda).
2. Aquelas actividades desenvolvidas dentro do centro e que non supoñan desembolso económico serán obrigatorias para o alumnado ao que se dirixe.
3. En ningún caso se poderá impartir materia nova ao alumnado que quedou no centro en prexuízo do que participa na actividade.

+ Despois da actividade:

1. Tras a actividade, o profesorado elaborará unha valoración por escrito máis unha memoria con apoio dixital que será entregada á Vicedirección co obxecto de elaborar a memoria do curso e a planificación do vindeiro.

+ Outras consideracións:

1. Como norma xeral, nos 15 días lectivos previos á data de cada avaliación non se poderán realizar actividades extraescolares ou complementarias que interfiran co horario lectivo, salvo que as probas da avaliación estean rematadas.

+ Consideracións sobre o comportamento do alumnado nas viaxes con pernocta:

1. Durante a viaxe o alumnado deberá cumprir con todo rigor o programa de actividades establecido, mantendo en todo momento un comportamento correcto e respectando aos seus compañeiros/as e profesores/as, así como ás persoas e costumes do lugar visitado.
2. O alumnado deberá respectar as seguintes prohibicións expresas: consumo de alcohol, consumo e distribución de calquera tipo de drogas. Tampouco se permitirá que provoque altercados ou escándalos e que non respecte o mobiliario e as instalacións dos lugares que se visitan.
3. O non cumprimento das normas anteriores terá as seguintes consecuencias:
 - Expulsión inmediata da viaxe e regreso do/a alumno/a ao seu domicilio. O custo económico desta medida correrá a cargo do/a alumno/a.
 - Apertura de expediente disciplinario.
 - O custo económico dos danos provocados polo mal uso das instalacións será aboado polo/a alumnado.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o alumnado que acadé a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Por conseguinte, a principios de curso cada departamento elaborará un plan de actividades de recuperación que poderá axustarse a diferentes modelos (probos escritos u orais, realización de traballos, presentación de tarefas, etc.), de acordo co establecido na programación didáctica, e versará sobre os aspectos ou partes que o alumno ou a alumna non acadase. O/A docente de materia, ou no seu defecto o/a xefe/a de departamento, establecerá reunións co alumnado para facilitar toda a información sobre o procedemento de recuperación, así como as datas de entrega de tarefas e/ou realización de probos escritos/orais.

Os criterios para elaborar o plan de actividades son os seguintes:

1. O plan de actividades axustarase e reforzará aquelas partes da programación que o alumno ou a alumna non superase.
2. As actividades serán similares ás xa realizadas durante o curso anterior.
3. As actividades poderán ser en formato papel ou a través da aula virtual/EVA.

Ademais como medidas xerais, e identificadas como máis eficaces, se propoñen as seguintes:

- Incrementar a atención individual na aula.
- Revisión máis frecuente do traballo persoal.
- Comunicación periódica coa familia a través da tutoría.

Para rematar subliñar que esta planificación será achegada, ademais, á xefatura de estudos con varios fins: elaboración do calendario de exames finais, coordinación do profesorado, información ao profesorado titor e publicación de toda a información na web do centro e na aula virtual.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o alumnado que non acadé a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Por conseguinte, a principios de curso cada departamento elaborará un plan de actividades personalizado de acordo co establecido na programación didáctica. Este incidirá nos aspectos ou partes que o alumno ou a alumna non acadase o curso anterior e nos que amosase dificultades.

Os criterios para elaborar o plan de actividades son os seguintes:

1. O plan de actividades axustarase e reforzará aquelas partes da programación nas que o/a alumno/a amosou dificultades.
2. As actividades serán similares ás xa realizadas durante o curso anterior.
3. As actividades poderán ser en formato papel ou a través da aula virtual/EVA. Ademais como medidas xerais, e identificadas como máis eficaces, se propoñen as seguintes:
 - Incrementar a atención individual na aula.
 - Revisión máis frecuente do traballo persoal.

- Comunicación periódica coa familia a través da titoría.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA ETAPA DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

- Todo aprobado.
- 1 ou 2 suspensas (tamén computan as de cursos anteriores).
- Máis de 2 materias suspensas si se cumpren todas as condicións seguintes:
 - Media igual ou superior a 5.
 - Non superadas permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - Expectativas favorables de recuperación.
 - Consideración de que a promoción beneficia a evolución académica.
 - Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición (DECRETO 156/2022, do 15 de setembro).
- Repetición medida excepcional, 1 única vez no mesmo curso e 2 no ensino obrigatorio.
- Excepcionalmente, 1 repetición a maiores en 4º ESO. Realización dun Plan Específico Personalizado para o alumnado repetidor.

CRITERIOS DE TITULACIÓN NA ETAPA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

- Todo aprobado.
- Con materias suspensas si se cumpren todas as condicións seguintes:
 - Media igual ou superior a 5.
 - Adquisición das competencias establecidas.
 - Obxectivos da etapa alcanzados.
- Pode titular o alumnado con AC, tendo en conta as seguintes referencias legislativas:
 - + Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, artigo 28.10.
 - 1. Os referentes da avaliación, no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, serán os incluídos nas correspondentes adaptacións do currículo, sen que este feito poida impedirles a promoción ou titulación. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
 - + RD 156/2022 do 15 de setembro de 2022, publicado no DOG núm. 183 do 26 de setembro de 2023, no seu capítulo III- artigo 21.2:
 - 1. “As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a permitirlle a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte curso ou obter a titulación correspondente (parágrafo II).”
 - 2. “Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presente dificultades na súa comprensión e expresión. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas (parágrafo III).”
 - Concretarase nos referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, a cal, obtendo resultados positivos, non impedirán a promoción ao curso seguinte.
 - + RD 156/2022 do 15 de setembro de 2022, publicado no DOG núm. 183 do 26 de setembro de 2023, no seu capítulo IV- artigo 24.1, 24.6, 26.1:
 - 1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III.
 - 2. Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do

alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

3. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.

Concretarase nos referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, a cal, obtendo resultados positivos, non impedirán a obtención do título de graduada/graduado en Educación Secundaria Obrigatoria; como xa se recolle no capítulo III- artigo 21.2 (capítulo IV- artigo 24.1).

- A superación da totalidade dos módulos dun ciclo de FP Básica conducirá á obtención do título de Graduado en ESO.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA ETAPA DE BACHARELATO

- Todo aprobado.
- 1 ou 2 suspensas.
- Máis de 2 suspensas repiten 1º na súa totalidade.
- A repetición de 2º poderá ser do curso completo ou das materias non aprobadas.

CRITERIOS DE TITULACIÓN NA ETAPA DE BACHARELATO

- Todo aprobado.
- Con 1 materia suspenso si se cumpren todas as condicións seguintes:
 - Alcanza competencias e os obxectivos.
 - Non inasistencia continuada e non xustificada: 10% de faltas non xustificadas na materia suspenso ao longo do curso.
 - Presentarse ás probas e realizar as actividades.
 - Media da etapa igual ou superior a 5.
- Título de Bacharel desde CM ou CS superando determinadas materias comúns e específicas segundo a modalidade.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

OUTORGAMENTO DE MATRÍCULA EN 4º ESO

1. Maior nota media de 4º ESO.
2. Maior nota media de etapa.
3. Maior nota media nas materias comúns.
4. Maior nota media nas materias troncais (comúns+modalidade matemáticas).

OUTORGAMENTO DE MATRÍCULA EN 2º BACHARELATO

1. Maior nota media de 2º Bacharelato.
2. Maior nota media de etapa.
3. Maior nota media nas troncais e de libre configuración de 2º Bacharelato.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

A pesar de que a RESOLUCIÓN do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25 non fai referencia ao guión establecido para a elaboración das programacións didácticas, seguiremos as orientacións do Artigo 41 da Resolución pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23:

As programacións didácticas das áreas, materias ou ámbitos de educación infantil; de educación primaria; de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, incluírán en cada área, materia ou ámbito, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación ou criterios de valoración, no caso de educación infantil.
- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, no caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Unha vez elaboradas as programacións estas serán subidas á web do instituto, incluíndo cada departamento un resumo dos criterios de avaliación. Desta maneira unha vez confeccionadas quedan a disposición de alumnado e familias.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Neste curso temos solicitado un Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) dividido en dúas liñas: competencia dixital e competencia didáctica.

Liñas de traballo e itinerarios:

- Competencia dixital
- + Dixitalización do centro e da comunidade educativa (Coordinador/a: Gallego Falcón, Pablo)
- Competencia didáctica
- + Novo modelo de biblioteca (Coordinador/a: Arrillaga Chopitea, Josebe)
- + Polos creativos (Coordinador/a: Gallego Falcón, Pablo)

PROGRAMAS:

- + Aplicación da IA na aula - SEMINARIO
- + Dinamización da biblioteca / Teatro - SEMINARIO
- + Control e seguimento do Plan dixital do centro - GRUPO DE TRABALLO
- + Edición de vídeo - SEMINARIO

PLANS PROXECTA:

- + Proxectos de Vida Activa e Deportiva

Estamos á espera de que a Consellería convoque os programas de cursos anteriores de INNOVA e CPINCLUE no que temos proxectos preparados para presentar.

EQUIPOS:

- **DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA:** xunto coa coordinadora e representantes das xefaturas de departamento traballarán dentro do equipo da biblioteca pois comparten os mesmos principios.
- **BIBLIOTECA:** xunto coa coordinadora e o equipo de docentes voluntarios/as dinamizan de maneira transversal a vida do centro. Destacar todos os proxectos que desenvolven como o Festvsl de Arte e Novela Negra - Montenegro, club de lectura, proxecto lector ou obradoiros dentro da propia biblioteca.
- **IGUALDADE:** xunto coa coordinadora e o equipo de docentes voluntarios/as, comezan neste curso 2024/2025 propoñendo algunhas actividades pero co obxectivo claro de elaborar o plan de igualdade do centro.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual destendo en conta os resultados do curso anterior e durante o mes de setembro e outubro cos novos convenios do presente curso.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e , sobre todo, do alumnado.

Nestes momentos, estamos coa análise das avaliacións de diagnóstico nas Comisións de Coordinación Pedagóxica e unha vez rematado este proceso, produciranse nesta concreción curricular os cambios pertinentes.

o) Outros apartados

1. Outros apartados

Non se contempla.